



Servizo de Sanidade Ambiental

Asunto	SOLICITUDE DE INFORME NO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL
Proxecto	PARQUE EÓLICO MEIRAMA-76
Promotor	GREEN STONE RENEWABLE IV, S.L.
Localización	CONCELLOS DE CERCEDA E A LARACHA (A CORUÑA)
Expediente	IN408A 2020/076
Informe	EOL_IN408A 2020_076_1

SOLICITANTE: Servizo de Enerxía e Minas de A Coruña de Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.

FEITOS:

O Servizo de Enerxía e Minas de A Coruña de Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación con data 28/10/2022 e número de rexistro de entrada 2022/2135091, presenta unha solicitude de informe, en relación ao estudo de impacto ambiental do proxecto de referencia.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

1. Solicitude de informe ao amparo do artigo 37.2 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, no procedemento de consultas ás Administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas.

2. Na elaboración do presente informe tense utilizado de forma ampla entre outra a seguinte documentación:

- La salud en la evaluación de impactos ambientales. Guía metodológica. Sociedad Española de Sanidad Ambiental (SESA). 2011.
- Modificación do Plan Sectorial Eólico de Galicia. 2002
- Recomendación do Consello 1999/519/CE, de 12 de xullo de 1999, relativa á exposición do público en xeral a campos electromagnéticos



- Guías sobre medio ambiente, salud y seguridad para la transmisión y distribución de electricidad. Corporación Financiera Internacional (IFC) – Grupo del Banco Mundial. 2007
- Guías sobre medio ambiente, salud y seguridad para la energía eólica. Corporación Financiera Internacional (IFC) – Grupo del Banco Mundial. 2015
- International Legislation and Regulations for Wind Turbine Shadow Flicker Impact. 7th International Conference on Wind Turbine Noise. Rotterdam – 2nd to 5th May 2017.
- Guía técnica de Alemaña "Hinweise zur Ermittlung und Beurteilung der optischen Immissionen von Windenergieanlagen (WEA-Schattenwurf-Hinweise. Federal/State Working Group for Immission Control (LAI), Notes on the determination and evaluation of optical immissions from wind turbines – (January 23, 2020).
- Acuerdo para la gestión integral del uso del SF6 en la industria eléctrica más respetuosa con el medio ambiente representados por AFBEL, las compañías de transporte y distribución de energía eléctrica representadas por REE y UNESA y los gestores autorizados residuos de gas SF6 y de equipos que lo contienen, para una gestión integral del uso del SF6 en la industria eléctrica más respetuosa con el medio ambiente. 2015-2020
- Real Decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano.
- Real decreto 865/2003, do 4 de xullo, polo que se establecen os criterios hixiénico-sanitarios para a prevención e o control da lexiónelose.

ANTECEDENTES

O presente informe realízase avaliando se, no estudo, se tiveron en conta, se identificaron e se valoraron os posibles impactos no medio ambiente que, segundo a evidencia científica dispoñible, puidesen ter unha repercusión na saúde humana.

É importante ter en conta que a presenza dunha fonte contaminante non é suficiente para que exista un risco para a saúde, xa que para iso ten que haber unha vía de





exposición completa é dicir, unha fonte, medios ambientais e mecanismos de transporte, un punto e a vía de exposición e unha poboación receptora.

Así mesmo, o proxecto sometido a estudo é unha actividade regulada por un procedemento xeral de autorización recollido nunha normativa específica co obxecto de avaliar que a súa construción se realice co menor custo ambiental posible, establecendo mecanismos para o control e vixilancia durante as fases de construción, explotación e abandono. Polo que de cumprirse os estándares establecidos debería de asegurarse a ausencia de efectos significativos sobre a saúde das persoas.

A avaliación do posible impacto do proxecto na saúde humana, a través do medio ambiente, realízase por tanto nas seguintes fases:

- Caracterización da poboación en situación de risco
- Determinación dos potenciais perigos
- Identificación das posibles vías de exposición

No seu caso, a avaliación poderá incluír a necesidade de medición da exposición específica da poboación a algunha posible fonte contaminante ou da necesidade do deseño dun estudo de avaliación de risco para a saúde do proxecto.

O presente informe realízase sobre a documentación achegada sen prexuízo de que unha vez coñecidas as alegacións das demais administracións públicas afectadas, público ou persoas interesadas que se podan presentar se tivera que ampliar ou modificar o alcance da avaliación.

AVALIACIÓN

1.- Caracterización da poboación en situación de risco

Refírese que o Parque Eólico Meirama-76 localízase dentro dos termos municipais de Cerceda e A Laracha, pertencentes á provincia de A Coruña.

Indica que o proxecto se enmarca nunha zona agroforestal, predominando pequenos núcleos de poboación e lugares habitados. Na zona atópanse pistas e camiños que permiten o paso a vehículos a motor.

Da revisión dos mapas e datos que se incorporan ao proxecto e dunha valoración non exhaustiva empregando o programa QGIS, que aplica mapas do Plan Nacional de Ortofotografía Aérea PNOA e do catastro, compróbase a existencia de edificacións a





unha distancia mínima de 411 m do aeroxerador ME-05, pertencentes ao núcleo de poboación de Viladubre. Co respecto á LAT de evacuación, identifícanse numerosas vivendas situadas a distancias inferiores aos 24 m, en varios núcleos. Cabe destacar os núcleos de O Acevedo e A Galiña, por estar máis próximos á LAT.

Na contorna do proxecto e a menos de 1360 m dos aeroxeradores, identifícanse edificacións consideradas residenciais e servizos públicos nos núcleos potencialmente afectados, que son: A Orraca, A Castiñeira, Silvoso, O Portodoso, As Salgueiras, A Ferradura, Coence, A Fracela, Parada, A Cima, A Galiña e O Pumar.

Refire unha descrición ao respecto da caracterización das poboacións próximas en relación coa poboación usuaria ou residente en establecementos máis vulnerables, así como un resumo de establecementos turísticos existentes en cada un dos municipios afectados.

2.-Determinación dos potenciais perigos

Neste apartado realízase una identificación dos principais perigos potenciais asociados a esta actividade recollidos na bibliografía consultada e a comprobación de se se teñen avaliado no estudio.

a) Contaminantes atmosféricos

- Emisión de po e partículas.
- Emisión de gases: gases dos motores dos vehículos e da maquinaria, hexafluoruro de xofre (SF₆), ozono, óxidos de nitróxeno e ácido nítrico en presenza de humidade (efecto coroa) xerado polas liñas de alta tensión.
- Ruído e vibracións orixinados por escavacións, movemento de camións e maquinaria, voaduras puntuais, construción das infraestruturas e funcionamento das turbinas eólicas e o xerado polos transformadores e as liñas (efecto coroa).
- Campos electromagnéticos.
- Parpadeo de sombras (Shadow Flicker).

b) Augas

c) Contaminantes do chan

- Residuos perigosos e non perigosos





- Uso de produtos perigosos nas instalacións e no mantemento das mesmas, e os residuos xerados na súa eliminación, entre outros: aceites minerais, combustibles, fitosanitarios (herbicidas), biocidas (protectores da madeira), etc.

d) Axentes biolóxicos

- Legionella
- Pragas e vectores

3.- Identificación das posibles vías de exposición

Neste apartado valórase se se identifican adecuadamente as posibles vías de exposición ou transmisión así como a existencia de medidas construtivas ou correctoras para interromper a dita exposición.

3.1 Aire

3.1.1 Emisións de po e partículas

Identifícanse emisións de po e partículas na fase de construción e desmantelamento (por movementos de terra, escavacións, transporte de materiais e tráfico de maquinaria) e na fase de explotación (por tráfico de vehículos do persoal de mantemento), contéplanse medidas protectoras como humectación dos viais con cisternas ou uso de toldos ou lonas en camiós de transporte de terra, sendo polo tanto o impacto sobre a poboación non significativo. Refírense medidas de vixilancia e seguimento ambiental ao respecto.

Non refírese a execución de voaduras. No caso de ser necesarias debería recoller no estudo de impacto ambiental, medidas protectoras ou correctoras no caso de afectación do aire en relación o po e partículas e no caso de afectación dos niveis sonoros.

3.1.2 Emisións de gases

Identifícase emisións de gases de combustión de vehículos durante as fases de construción e abandono debido ao tráfico inducido na zona de maquinaria asociada ás obras, considerando un impacto pouco significativo debido á pequena cantidade de maquinaria a utilizar e a curta duración da obra. Refírense medidas como a existencia do





distintivo CE da maquinaria e o cumprimento das inspeccións técnicas regulamentarias, así como o seguimento no plan de vixilancia ambiental.

Refírese ao emprego de gases illantes, como o hexafluoruro de xofre (SF₆), gas sintético e inerte que se emprega nos sistemas eléctricos do parque.

No caso de utilización do gas SF₆ deberase contemplar no estudo de impacto ambiental as recomendacións e medidas de xestión que se contemplan nos estándares internacionais ao respecto, de xeito que se eviten ou minimicen as súas emisións, en especial de ser o caso, na carga e descarga dos equipos que o empregan.

No proxecto faise un estudo do posible efecto coroa na liña aérea de media tensión, determinando que a tensión crítica disruptiva, tanto con bo tempo como con tempo chuvioso é maior que a tensión mais elevada (36 kV), polo que non se estima que se produza a posibilidade de xeración de gases por efecto coroa (ozono, óxidos de nitróxeno ou ácido nítrico).

3.1.3 Ruído e vibración

Identifícase a xeración de ruído durante a fase de construción (os correspondentes a unha obra civil convencional) e durante a fase de explotación (derivado do funcionamento dos aeroxeradores).

Non realiza unha estimación teórica dos niveis de presión sonora durante a fase de construción, en relación aos limiares de protección establecidos na lexislación, tan só indica que debido á baixa intensidade dos traballos a executar non considera necesaria a realización dun control específico sobre este elemento.

Indican que no caso de que se produzan queixas veciñais realizarase unha campaña de control acústico e de superarse os niveis recollidos na normativa, aplicaranse as medidas necesarias, como aumentar a limitación horaria de traballos e modificar a planificación.

Tendo en conta o anterior, debería dispor dunha estimación teórica dos niveis de presión sonora durante a fase de obras, en relación os limiares de protección establecidos na lexislación.





Refire que as fontes principais de ruído na actualidade, na contorna do parque, están relacionadas co ruído do tráfico procedente de carreteras e pistas, así como o relacionado cas actividades agrícolas e forestais, o ruído natural e o ruído xerado polos aeroxeradores próximos. Non obstante, non presenta un estudo preoperacional mediante medicións reais, que indiquen o cumprimento cos limiares establecidos no Real Decreto 1367/2007.

Respecto á fase de explotación, faise unha estimación teórica na xeración de ruído, tendo en conta as características das turbinas, no escenario máis desfavorable posible. Para a realización do modelo predictivo empregouse o software de predición acústica Cadna-A, mostrando mapas de curvas isófonas para os índices L_{den} (molestia global para o día, tarde e noite) e L_n (nivel sonoro medio para os períodos nocturnos), pero non presenta os datos obtidos do modelado acústico. Conclúese que no rango dos 45-50 dB(A) localízase unha edificación residencial funcional e outras edificacións non residenciais, no concello de Cerceda.

Para realizar dito estudo, indica que os receptores situaranse regularmente formando unha malla a unha distancia de 10 m entre cada un, e a unha altura de 4 m sobre o nivel do solo.

En canto aos valores resultantes, tendo en conta o ruído xerado polos aeroxeradores e o ruído de fondo, non presenta unha comparativa que permita avaliar o incremento de presión sonora na zona pola presenza da infraestrutura.

Considera aplicar medidas correctoras e protectoras, durante a fase de construción mediante a modificación na planificación dos traballos ou unha maior limitación horaria, as cales activaranse no caso de que se comprobe que se incumpren os limiares vixentes no caso de que existan queixas veciñais. Propón a realización dunha campaña de caracterización dos niveis de presión sonora nos núcleos de poboación máis próximos, durante o primeiro ano de explotación, para verificar os resultados obtidos no modelo predictivo e no caso de non detectar afección significativa, propón non continuar co control acústico, salvo existencia de reclamacións veciñais. Indica que de superarse o limiar establecido, tomaranse medidas como limitar a potencia ou paradas técnicas de un ou varios aeroxeradores.





Indica que existen varios parques eólicos nun radio de 5 km, realizando unha avaliación mediante modelado do posible efecto acumulativo ou sinérxico, durante a fase de explotación, en relación aos parques máis próximos (PE Coto Loureiro, PE Cerceda e PE Pico Cedeira), pero non presenta unha avaliación mediante modelado dos resultados obtidos de dito estudo. Conclúe que se producen efectos sinérxicos incrementándose a afección nalgúns núcleos, entre 1-2 dB(A), destacando os núcleos de A Cima, Silvoso, Portodoso e Trexezo, polo aumento significativo dos valores rexistrados.

Efectuase unha modelización acústica do impacto sonoro xerado polos trafos da subestación, considerando un punto exterior característico para a simulación sonora. Presentanse resultados obtidos de simulación acústica para valores L_{den} , así como para cada unha das bandas de valores L_n . Dos resultados da modelización efectuada resulta que non existe afección acústica aos pequenos núcleos próximos existentes, de forma que a zona da SET non afecta a ningunha edificación próxima, ao atoparse en bandas acústicas superiores aos $L_n = 45$ dB (sectores do territorio con predominio de uso de solo de tipo residencial – RD 1367/2007).

No proxecto faise un estudo do posible efecto coroa na liña aérea de media tensión, determinando que a tensión crítica disruptiva, tanto con bo tempo como con tempo chuvioso é maior que a tensión mais elevada (36 kV), polo que non se estima que se produza a posibilidade de xeración de ruído por este fenómeno.

Os criterios empregados para os cálculos teórico e do modelado dos niveis de ruído, así como aqueles a considerar en relación aos criterios normativos nas medicións de control a incluír no programa de vixilancia ambiental, son ámbito de competencia dos organismos con atribucións en materia de contaminación acústica.

3.1.4 Campos electromagnéticos

O Parque Eólico Meirama-76 está composto principalmente por:

- 4 aerogeradores de 3,45 MW de potencia nominal unitaria e 2 aerogeradores de 3,6 MW de potencia nominal unitaria, con potencia total instalada de 21 MW. Altura de buxe de 132 m e diámetro de rotor de 136 m.





- 6 centros de transformación, no interior dos aeroxeradores, de relación de transformación de 0,69/30 Kv.
- Rede de comunicacións de fibra óptica.
- Unha torre de medición eólica.
- Rede eléctrica soterrada de 30 kV de interconexión entre os centros de transformación dos aeroxeradores e o centro de seccionamento do parque eólico, composta por 3 circuitos.
- 1 Centro de seccionamento de 30 kV, que recollerá a enerxía xerada no parque, contará cun edificio e estará dotado de celas de MT con illamento sólido ou en SF6, trafo de SSAA, elementos de manobra, medida e protección, control.
- 1 liña aérea-subterránea de 30 kV para conectar o centro de seccionamento ca SET Meirama, onde se elevará a enerxía de 30 a 220 kV para o seu posterior vertido á rede. Dita liña execútase en 3 tramos subterráneos e 2 tramos aéreos.

Tramos subterráneos de 30 kV:

Primeiro tramo dende o centro de seccionamento ata o apoio de paso aéreo-subterráneo nº 1 (lonxitude de 0,020 km), segundo tramo que unirá os apoios nº 39 e 40 (lonxitude de 0,539 km) e terceiro tramo que partirá dende o apoio nº 73 ata a entrada da SET Meirama (lonxitude de 0,780 km).

Tramos aéreos de 30 kV:

Primeiro tramo dende o apoio nº 1 ao nº 39 (lonxitude de 6,579 km) e segundo tramo dende o apoio nº 40 ata o nº 73 (lonxitude de 5,197 km).

Indicase que tanto a liña de evacuación, que parte da SET Meirama (30/220 kV) como a propia SET Meirama, non forman parte do presente proxecto. Non obstante, consideranse as infraestruturas eléctricas complementarias para a conexión á subestación (SET) Meirama 30/220 kV.

Faise referencia ao cumprimento do Real Decreto 337/2014, de 9 de maio, polo que se aproban o Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en





instalacións eléctricas de alta tensión e as súas Instrucións Técnicas Complementarias, así mesmo indicase que ao respecto dos campos electromagnéticos cumpríranse co Real Decreto 1066/2001, de 28 de setembro, polo que se aproba o Regulamento que establece condicións de protección do dominio público radioeléctrico, restricións as emisións radioeléctricas e medidas de protección sanitaria fronte a emisións eléctricas que recolle as recomendacións do Consello Europeo 1999/519/CE, do 12 de xullo de 1999, e da Comisión Internacional de Protección contra as Radiacións Non Ionizantes (ICNIRP) que establecen o límite de 5 kV/m para o campo eléctrico e 100 μ T para campo magnético, en zonas onde os cidadáns pasen un lapso de tempo significativo.

Presentase en proxecto un estudo de campos electromagnéticos mediante simulación e cálculo en determinadas partes da instalación, empregando unha aplicación sobre Matlab/Octave.

Analízase a simulación no estado de carga máximo realizable na liña de evacuación (tramo en vano 5-6, no que a distancia ao chan é a menor e a intensidade de campo xerada é a maior), sendo o valor acadado a 1 m de altura sobre o chan de 9,78 μ T, inferior ao limiar establecido de 100 μ T no Real Decreto 1066/2001.

En canto á posible afección respecto as liñas soterradas de 30 kV, os valores acadados ao nivel de chan, son inferiores en todo caso aos 5 kV/m e 100 μ T que establece o Real Decreto 1066/2001.

Non refire o cumprimento dos aeroxeradores con respecto o establecido na Directiva 2014/30/EU en materia de compatibilidade electromagnética.

Tendo en conta o anterior, no estudo de impacto ambiental debería referir o cumprimento dos aeroxeradores con respecto o establecido na Directiva 2014/30/EU en materia de compatibilidade electromagnética.

3.1.5 Parpadeo de sombras (Shadow Flicker)

Para valorar a zona de influencia do efecto do parpadeo de sombras efectúase un estudo (Anexo G) no que se ten en conta un área de estudo arredor das turbinas eólicas, correspondente a aplicación do criterio de multiplicar por 10 o diámetro do





rotor das mesmas, que para o presente parque eólico resulta unha distancia de 1.360 mts.. Indícase que se realiza un estudo do potencial de impacto mediante a ferramenta SHADOW do programa de simulación WindPRO 3.4, situando 87 receptores nas vivendas ou edificacións análogas máis próximas aos aerogeneradores, empregando información proporcionada polo Servizo de Catastro (receptores: Apéndice I – Anexo G).

- No "caso peor": efectúase a modelización coa hipótese máis desfavorable (onde o sol sempre brilla, os aerogeneradores sempre están en movemento e o plano do rotor está orientado perpendicularmente a cada un dos receptores como condicións principais). Neste escenario do "caso peor" son 10 as edificacións que superan o limiar de 30 horas/ano e/ou 30 min/día.

Contemplan a realización de control durante o primeiro ano de explotación nos receptores máis afectados de cada núcleo que podan superar o limiar indicado anteriormente, así como a programación de parada técnica temporal dos aerogeneradores, solos ou combinados, de maneira que se evite a superación de dito limiar. Indican que neste caso sería necesario a parada técnica dos aerogeneradores 1, 3, 4 e 6.

- No "caso real": non se presentan resultados no estudo realizado (Anexo G).

Neste escenario do "caso real" o limiar a considerar para tomar medidas será de 8 h/ano, segundo os criterios de avaliación desta Dirección Xeral recollidos no documento "Alcance do estudo de Impacto Ambiental para parques eólicos":

<https://www.sergas.es/Saude-publica/Informes-sanitarios-avaliacion-ambiental>

Respecto aos posibles efectos sinérxicos ou acumulativos de parpadeo de sombras, toma en consideración os parques eólicos no ámbito da área de estudo. Dentro da zona de estudo, atópanse na proximidade os parques de Coto Loureiro, Cerceda e Pico Cedeira. No estudo indícase que non existe sinerxia con respecto ao parque eólico Pico Cedeira e presentanse resultados de efectos sinérxicos con outros parques eólicos sobre os receptores indicados na Táboa nº 10 – Anexo Sinerxias de efecto parpadeo.





Faise constar que para a implantación de medidas o limiar a considerar ao respecto do parpadeo de sombras é de 8 h/ano.

3.2 Augas

3.2.1 Augas de consumo

Indican que para o abastecemento de auga proxectase instalar un depósito soterrado e un sistema de bombas para conducir a auga aos puntos necesarios do edificio. O depósito disporá de sistema de aspiración flotante e sensores de nivel.

Deberá asegurarse a súa aptitude para o consumo humano segundo o establecido no Real decreto 140/2003, de 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios de calidade de consumo humano.

Dende esta Dirección Xeral, compróbase que non existe na contorna do proxecto captacións de auga para abastecemento en vixilancia sanitaria pola Consellería de Sanidade, incluídas nas bases de datos do Sistema de Información Nacional de Augas de Consumo (SINAC).

3.2.2 Augas superficiais e subterráneas

Co respecto ás alteracións na rede hidrolóxica debido á execución das obras, indica que o territorio incluído na área de estudo se atopa dentro do ámbito competencial da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa.

Indican que dentro da área de estudo, inclúese unha captación subterránea para abastecemento humano (código ES014ABST-Pcuw-2040) na parroquia de San Román das Encrobas, a cal non se verá afectada por ningunha das infraestruturas do proxecto.

Conclúe que non se espera afeccións significativas nos niveis das masas de auga subterráneas presentes no ámbito de implantación do proxecto, como consecuencia das accións incluídas no mesmo.

Contempla un programa de medidas correctoras e protectoras como extremar as precaucións para evitar os arrastres de sedimentos ou realizar as operacións de





limpeza, mantemento e reparación de maquinaria en talleres autorizados, e en caso de non ser posible, efectuarase en espazos habilitados.

Calquera actuación que afecte ao dominio público hidráulico, precisará ser autorizada polo organismo de bacía competente, debéndose garantir a compatibilidade do proxecto cos usos preexistentes.

3.2.3 Augas residuais/vertidos

a) Augas residuais sanitarias: Menciona que a xestión das augas residuais fecais, durante a fase de construción, efectuarase mediante sanitarios químicos, polo que non contempla ningún vertido ao dominio público hidráulico. En canto ao edificio de control, indica que contará cun depósito estanco para as augas residuais, e o seu contido será baleirado e xestionado de forma periódica por un xestor autorizado.

b) Augas pluviais: Indicase que non son susceptibles de verse afectadas nas súas características, polo que non consideran que teñan a consideración de vertido.

c) Vertidos de zona de almacenamento e instalacións de obra: Non contempla a realización de ningún vertido ao dominio público hidráulico en ningunha das fases do proxecto, non obstante indica que en caso de que ocorra un vertido accidental, actuarase ca maior brevidade posible, utilizando sistemas antiderrame, para evitar a afección ao medio ambiente.

d) Vertidos procedentes de transformadores a intemperie: Refire que os transformadores son de tipo seco e illados mediante resina epoxi.

3.3 Chan

Refiren medidas protectoras e correctoras durante a fase de construción e explotación, para minimizar a afección ao mesmo e para evitar posibles vertidos de materias contaminantes, referindo seguimento ao respecto no programa de vixilancia ambiental.

3.3.1 Residuos perigosos e non perigosos

Identifícase a xeración de residuos perigosos e non perigosos durante as fases de construción, explotación e abandono do parque de acordo ao código LER, estimando a





cantidade de cada tipo de residuo, detallando as medidas de xestión segundo o tipo de residuo.

Indican que as empresas participantes na obra que os xeren residuos, atoparanse inscritas no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos e documentando a xestión dos residuos perigosos segundo a normativa vixente.

En canto aos residuos non perigosos, estes serán asimilables a residuos urbanos, dispoñendo de contedores nos lugares de traballo, aptos para a súa recollida selectiva e efectuando a súa retirada por xestor autorizado.

Refiren o seguimento de instrucións de almacenamento dos residuos, para a súa correcta segregación e etiquetado, segundo o tipo e perigosidade, procedendo a súa xestión mediante un xestor autorizado.

Indican que disporase dunha zona especialmente acondicionada para o almacenamento (punto limpo) dos residuos xerados no mantemento do Parque eólico e do Centro de seccionamento e control de dimensións 4,0 x 12,0 m.

Refiren que os residuos perigosos xestionaranse acorde a súa natureza, dispoñéndose en lugares específicos, almacenándose en bidóns adecuados e identificados. O recinto para almacenar bidóns de residuos perigosos terá un volume útil suficiente como para albergar os residuos xerados ao longo de 6 meses, e cumprirá co RD 656/2017, de 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Almacenamento de Produtos Químicos e as súas Instrucións Técnicas Complementarias. Os espazos estarán formados por cubetos cubertos e protexidos das inclemencias meteorolóxicas, dito espazo será individual no caso de residuos perigosos e de material impermeable e resistente.

Refiren medidas preventivas para a realización dunha correcta xestión e almacenamento dos residuos xerados, contemplando ademais o seguimento no correspondente programa de vixilancia ambiental.





3.3.2 Uso de produtos perigosos

Destaca como residuos perigosos: absorbentes, envases de sustancias perigosas, filtros e baterías entre outros, procedendo a maioría da fase de explotación, derivados do mantemento e reparación.

Dentro de outros posibles tipos de produtos perigosos que poden ser empregados nas instalacións, non menciona o uso de biocidas nin fitosanitarios (herbicidas).

No caso de facer uso de biocidas ou fitosanitarios, deberá seguir a normativa vixente referente a súa comercialización e emprego.

Non refire si disporán das fichas de datos de seguridade de todos os materiais perigosos empregados, de maneira que se coñezan e apliquen as especificacións establecidas referentes á manipulación, almacenamento, protección, eliminación, etc.

Tendo en conta o anterior, no estudio de impacto ambiental debería indicarse a disposición das fichas de datos de seguridade de tódolos materiais empregados.

Deberán cumprir as obrigas e medidas de xestión establecidas polos organismos competentes en relación aos tipos de residuos e produtos perigosos asociados ás instalacións.

3.4 Axentes biolóxicos

3.4.1 Lexionella.

Indicase que nas instalacións provisionais de obra disporanse de vestiarios e duchas con auga que sanitaria. Tamén se fai referencia a disposición no Centro Control e Seccionamento de dous vestiarios (un deles con ducha).

No caso de dispor de auga quente sanitaria, esta deberá cumprir os requisitos establecidos no Real decreto 865/2003, de 4 de xullo, polo que se establecen os criterios hixiénico-sanitarios para a prevención e o control da lexielose, así como no caso de emprego de sistemas de extinción de incendios que supoñan a existencia de aerosolización.





3.4.2 Pragas e vectores

Non se indica que dispoñen dun sistema integrado de control específico no caso de que as instalacións ou actividades a desenvolver durante a fase de obra ou explotación sexan susceptibles de verse afectadas por pragas ou vectores, tan só indica que no caso de depositar a biomasa vexetal eliminada sobre o terreo, procederase a súa trituración e espaxamento para diminuír o risco de pragas.

No caso de que as instalacións ou actividades a desenvolver durante a fase de obra ou explotación sexan susceptibles de verse afectadas por pragas ou vectores, deberá dispoñer dun sistema integral de control específico.

CONCLUSIÓN

Sen prexuízo do cumprimento das consideracións recollidas en cada un dos epígrafes do apartado de avaliación deste informe e das competencias atribuídas a outros departamentos e organismos na materia, logo da análise da documentación achegada en relación ao estudo de impacto ambiental do parque eólico Meirama-76, e tras a valoración dos aspectos relativos á saúde ambiental, infórmase como **favorable condicionado** á presentación, con carácter previo ao inicio das obras, da documentación e información dos aspectos que se relacionan a continuación:

- Deberase contemplar no estudo de impacto ambiental as recomendacións e medidas de xestión que se contemplan nos estándares internacionais ao respecto da utilización do gas SF₆, de xeito que se eviten ou minimicen as súas emisións, en especial de ser o caso, na carga e descarga dos equipos que o empregan.
- Con respecto ao ruído e vibración (para máis información ver o apartado 3.1.3) deberá presentar un estudo preoperacional, mediante medicións reais, que sirva como nivel de referencia, para avaliar a incidencia do parque eólico sobre os niveis sonoros da contorna. Deberá presentar os resultados obtidos do modelado acústico, tanto para o relacionado co PE Meirama-76 como aos obtidos no estudo de sinerxias con outros parques eólicos próximos.
- Con respecto ao efecto parpadeo (para máis información ver o apartado 3.1.5), deberá presentar os resultados para o escenario "caso real ou estadístico". O





proxecto deberá recoller as medidas a aplicar no caso de superar o limiar establecido neste caso, tanto para o PE Meirama-76 como para o estudo do posible efecto acumulativo e/ou sinérxico con outros parque próximos, así como de ser o caso o correspondente seguimento específico do parpadeo de sombras durante o primeiro ano de explotación.

No caso de que a documentación e información relativa aos citados aspectos non se presentase no prazo indicado ou, presentada en prazo, non resultase abonda ou adecuada para a acreditación dos mesmos, entenderase que o estudo non cumpre cos requisitos desde o punto de vista sanitario.

Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura dixital

A subdirectora xeral de Programas de Control de Riscos Ambientais para a Saúde

Ines Mato Naveira

